

Ayer con Victorino Pérez Prieto, director do semanario galego "Irimia"

"Ca revista pretendemos facer chegar información, formación e cultura a xente do pobo"

ANGELES F. MAIRA

Catro largos anos median entre o proxecto de revistiña argallada entre amigos, en setembro de 1981, baixo a denominación de "Irimia", e o semanario galego cuio número 184 acaba de saír da imprenta, adicado o "Día das Letras Galegas". O seu espírito, nembargantes, sigue a ser o mesmo que un bon día se resumiu nas iniciais con que hoxe se identifica.

Este semanario de crentes galegos, dirixido polo crego ourensán Victorino Pérez Prieto, continúa no seu intento primeiro de "ir facendo memoria, recordando o ser galego esquecido, para ir sementando patria, man con man entre os veciños, para ir facendo outra historia a favor dos rebaixados e oprimidos."

O cabo de tres anos de saída continuada, semán tras semán, os responsabeis de "Irimia" decidiron darlle un xiro importante, dotando a revistiña de certa entidade, polo que despois de constituírse como empresa periodística, en xaneiro pasado, abórdouse o cambio de formato, o incremento de páxinas e de temática, nun intento de acadar un maior número de lectores e de encher ese vacío existente no periodismo en galego.

—¿Cáles son os goznes de "Irimia" nesta nova etapa?

—Fundamentalmente, a fe cristiá e a galegitude, o mesmo que nos seus principios, aínda que agora se marcan os acentos no amor a Galicia, os galegos, de xeito que isto seña tan importante como o noso compromiso militante.

—¿En qué consistiron os cambios que se levaron a cabo recentemente?

—O salto, por denomaíno de algún xeito, deuse en xaneiro, ca pretensión de converter a revistiña en algo máis digno, o primeiro paso foi constituírnos en empresa periodística, ampliando a infraestrutura, para abordar o cambio de formato e ampliar os contidos que agora se presentan moito máis coidados, maquetados a tres columnas e movendo máis clichés.

—¿Variaron en algo os contidos?

—"Irimia" pretende ser popular no máis xenuíno senso da palabra, e dicir, dirixida ó pobo, non elitista, para que chegue a xente, "por eso interésalle máis tratar sobre a semente das patacas, por poñer un exemplo, que sobre da marcha do grupo "Milla-doiro".

—¿Quere dicir isto que vai dirixida fundamentalmente a xente do agro?

—Ese é o seu obxectivo máis importante, xa que estas xentes non reciben outro tipo de información. Coa publicación

semanal de "Irimia" pretendemos facer chegar a información, formación e a cultura a xente do pobo: labregos, mariñeiros, xentes sencillas, aínda que sin restrinxila sómentes a eles.

—¿Qué alicentes atopa calquera outro tipo de lector na revista?

—Neste novo xiro pretendemos facer unha revista polivalente, de xeito que consiga interesar a todo el mundo, para elo, aparecen novas seccións de mocidade, laboral e consumo, que están feitas por especialistas en cada unha das materias. A estas seccións hai que engadirle as que xa existían: o campo, o mar, educación e unha adicada a entrevistas.

—¿Pensades ampliar a temática?

—Sí, queremos que comence a funcionar pronto unha sección de historia da nosa terra. Para que poida ser conocida debidamente a Galicia de hoxe, pensouse nunha sección que seguramente se denominará "Andar a terra" ou algo semellante e, finalmente, darase acollida os artigos de interés que vaian chegando, co que se conseguirá axilizar moito máis a revista.

—Tamén se introduciu a publicidade.

—Esa é outra das novidades que algún sector non lle resultou demasiado grata, nembargantes eu penso que aínda fai falla moita máis, aparte de



José María Alvez

Para o director do semanario a utilidade da información é un elemento básico

outras axudas, xa que "Irimia" é un proxecto cultural a ter en conta, pois non en vano trátase de o único semanario que existe hoxe en galego.

—¿Cal é a tirada actual da revista?

—Agora vai cerca dos dous mil exemplares; de momento os canales de distribución son os suscritores e as librerías; os kioscos aínda non chegamos por razóns económicas.

—¿Cal é o presuposto que tedes para este ano?

—Supera os tres millóns de pesetas, con isto, o incremento da tirada en mil exemplares máis, e un incremento de publicidade, pódese ir tirando.

—¿Non percibides ningún tipo de axuda da Xunta; en tanto que é órgano de difusión da lingua galega?

—As axudas que da a Xunta son pequenas; este ano estamos esperando a ver si conseguimos axudas que dan a prensa non periódica en galega; o que sería unha pena é que ocorrixe o mesmo que o ano pasado, que lle deron un millón de pesetas a un diario rexional que sómentes mete catro cousas en galego, mentras que a nos, que escribimos sómentes nesta lingua, non nos deron nin un peso.

—¿Ten algún tipo de censura o que se publica en "Irimia".

—A única censura que se sigue é un criterio popular e útil, e por suposto, que todo no que nela se publica non vaia en contra de Galicia.